

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 26 DE ABRIL
DE 2016, POLA QUE SE MODIFICAN AS
LISTAXES DEFINITIVAS DE
SELECCIONADOS/AS CON E SEN DOTACIÓN
ECONÓMICA DAS BOLSAS PROPIAS DA
UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO
2016-2017**

Publicada a convocatoria de bolsas propias por Resolución Reitoral de 18 de xaneiro de 2016 e a relación definitiva de seleccionados con data 6 de abril de 2016 e trala presentación das aceptacións e renuncias por parte do/as seleccionados/as, esta Reitoría

RESOLVE

Publicar a unha nova listaxe definitiva de seleccionados/as con dotación económica que figuran no anexo I.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o(s) interesado(s) poderá(n) optar por interpor contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que a ditou, neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



O REITOR
Por Delegación (R.R. do 07/05/2014)
O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais
Vigo, 26 de abril de 2016

Manuel J. Fernández Iglesias

DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publicase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 26 de abril de 2016

A secretaria do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais
Carmen Luisa Pereira Castro

Universidade de Vigo - Registro Xeral
Saida Nº. 201600008670 26/04/2016 13:37:33